

# Arcadio López-Casanova: Tres cantos co mar de fondo premiados nos II *Juegos Florales* da A.C.A.<sup>1</sup> “Santa Cecilia” de Marín

ANA ACUÑA TRABAZO

*Universidad Complutense de Madrid*

*O máis valioso que temos é aquilo que  
foi salvo do naufraxio dos nosos ideais  
adolescentes<sup>2</sup>.*

Nun artigo anterior<sup>3</sup> demos noticia dun poemario de Celso Emilio Ferrei-  
ro inédito e das súas variantes éditas que fora premiado nos *II Juegos Florales*  
marinenses de 1962. Hoxe presentarémo-los *tres cantos* que acadaron o segun-  
do premio do mesmo certame, escritos por Arcadio López-Casanova e as súas  
pegadas na súa produción posterior.

## OS II JUEGOS FLORALES

Instituídos en 1958 pola Asociación Cultural y Artística “Santa Cecilia” de Marín, os Juegos Florales contaron coa colaboración institucional de entidades de Marín e Pontevedra (Concello de Marín e de Pontevedra, Escola Naval, Deputación de Pontevedra, etc.) e co apoio incondicional (R. Otero Pedrayo, X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, A. Cunqueiro, etc.) ou condicional (F. Bouza-Brei<sup>4</sup>) de persoeiros da cultura galega do momento. A pesar de celebrarse soamente dúas edicións, o seu esplendor e importancia fixoos equiparables ás *Fiestas*

<sup>1</sup> Utilizaremos estas siglas para referirmos á Asociación Artística y Cultural “Santa Cecilia” de Marín.

<sup>2</sup> Este artigo foi posible gracias á xenerosidade do Ateneo Santa Cecilia de Marín, do profesor X. Alonso Montero e de C. Mejía.

<sup>3</sup> *Madrygal*, nº 1, 1998

<sup>4</sup> Para a historia dos *Juegos Florales* e da Asociación que os creou véxase o noso artigo en *Madrygal*, nº 1, 1998 (Fermín Bouza negouse a participar como xurado dos II Juegos por considera-  
las bases degradantes para a lingua galega).

*Minervales* que se revitalizaron dende o ano 1954 en Santiago de Compostela, pois compartiron mantenedor e membros do xurado<sup>5</sup>.

A segunda e derradeira edición celebrouse en 1962, cadrando coas festas do verán e nesta ocasión contaba cunha importante novidade respecto á primeira: premio ós mellores poemas en lingua galega<sup>6</sup>. Seguíase mantendo o premio para os poemas en lingua castelá e para o artigo xornalístico así como o tema (o mar). Estas eran as bases:

*"La asociación de Cultura y Arte "Santa Cecilia" de Marín, en cumplimiento de los fines para que ha sido creada, de fomento y divulgación de toda manifestación artística, convoca sus II Juegos Florales con arreglo a las siguientes BASES:*

*1.º Podrán concurrir a estos II Juegos Florales todos los poetas españoles o hispanoamericanos que lo deseen con trabajos inéditos.*

*2.º Se concederán los siguientes premios:*

*a) Poesía castellana:*

*Para poemas en castellano no superiores a 100 versos, de rima y verso libres, sobre el tema "EL MAR". Un primer premio, de 5000 pesetas y Flor Natural, establecido por la Asociación de Cultura y Arte "Santa Cecilia".*

*Un segundo premio de 3000 pesetas, concedido por la Escuela Naval Militar.*

*b) Poesía gallega:*

*Para poemas en gallego, no superiores a 100 versos, de rima y verso libres, sobre el tema "EL MAR".*

*Un primer premio de 3000 pesetas y Flor Natural, de la Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.*

*Un segundo premio, de 2000 pesetas, establecido por el Excmo. Ayuntamiento de Pontevedra.*

*c) Artículo periodístico:*

*Un premio de 4.000 pesetas del Iltmo Ayuntamiento de Marín, al mejor trabajo periodístico inédito, publicado en la prensa nacional o hispanoamericana con posterioridad a la fecha de esta convocatoria, que exalte a Marín en cualquiera de sus aspectos.*

<sup>5</sup> X. L. FRANCO GRANDE: *Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeración da noite.* (1954-60), Vigo, Xerais, 1985, p. 54.

<sup>6</sup> De igual modo, a inclusión do idioma galego nas *Fiestas Minervales* producirase despois da restitución do premio en castelán.

*3.º Los trabajos optando a los premios de poesía castellana o galega, deberán ser remitidos...*

*4.º Todos los trabajos que opten a alguno de los premios establecidos, habrán de recibirse en la Asociación de Cultura y Arte “Santa Cecilia” antes del día 23 de julio próximo.*

*5.º Es obligación de los autores que resulten premiados, personarse en Marín para dar lectura a sus trabajos en solemne acto público, que se celebrará el 4 de agosto próximo, a cuyo fin serán notificados con la suficiente antelación.*

*6.º El Jurado calificador, estará constituido por relevantes figuras de las letras, cuyos nombres se harán públicos al dar a conocer su fallo, que será inapelable.*

*7.º Los trabajos premiados quedarán propiedad de la Asociación organizadora. Los restantes, podrán ser interesados por sus autores, antes del 31 de Diciembre de 1962.*

*Marín, 9 de junio de 1962*

Entre o xurado estaban R. Otero Pedrayo, M. Casado Nieto, X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Á. Cunqueiro e J. Sigüenza Raimundez e como mantenedor X. Filgueira Valverde.

O gañador absoluto (primeiro premio en castelán e en galego) foi Celso Emilio Ferreiro cos poemarios “Busco as illas” e “Siete canciones de mar y dos poemas de amor marinero”. O segundo posto para o apartado de poesía galega correspondeulle a Arcadio López-Casanova polo poemario “Cantos co mar ó fondo” (para o apartado de poesía castelá correspondeulle a Camilo Rodríguez polo poema “He venido esta noche”).

## ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA: DO PÁRAMO LUGUÉS A SANTIAGO

En 1962 (cando recibiu o premio do Ateneo de Marín) Arcadio tiña só 20 anos, pero a súa actividade literaria xa se iniciara nos anos escolares de Lugo: en 1958 sae publicado o seu conto *Cuentos de Galicia “Tío Mingos”* que o autor dedica *Al claustro de Profesores y compañeros del Instituto Masculino de Lugo*. Na nota inicial salientase xa a autenticidade<sup>7</sup>, case infantil, de Arcadio:

*El arte cuando es auténtico nace espontáneo, informal. Así es esta edición humilde del cuento de un niño y así es mi prólogo. Nos hemos*

<sup>7</sup> Este conto está na liña do seguinte premiado en 1972 *O bosque de Ouriol*.

*propuesto que la vida crezca siempre hermosa en torno nuestro, no podía sernos indiferente este gesto audaz de un muchacho nacido para el arte (...) El mismo autor sonreirá ante sus balbuceos, como hoy sonríe Novoneyra que un día igualmente nos mostró las primicias de su arte.*

Sendo estudiante de Filosofía e Letras en Santiago, Edicións Celta publica *Hombre último* (1961). Tanto o editor como o prologuista (profesor da Universidade de Santiago) sinalan a súa calidade. Di o primeiro:

*Arcadio LÓPEZ-CASANOVA es (...) una de las voces más recias de la novísima poesía española (...). Valor extraordinario de su mensaje.*

*En toda la poesía de López-Casanova alienta una preocupación permanente por el “hombre”. Y de ahí, de esta actitud claramente definida, arrancan sus dos orientaciones trascendentales: la religiosa y la social.*

*Su voz nueva se alza rebelde, llena de inconformismo, áspera a veces, pero siempre en un tono arraigado. Grito el suyo, de hondísima raíz humana —no desgarrador—, y tras el que alumbría una esperanza redentora. (...) La autenticidad y lo que de excepcional tiene este envío de nuestro joven poeta...*

O segundo redunda nos trazos de xuventude e autenticidade case infantil de Arcadio:

*Alto y espigado<sup>8</sup>, con cara de Niño Jesús de buena familia, pasea su lírica elegancia, de estudiante de Oxford o de Cambridge, por las rúas santiaguesas. Tímido, con la timidez del que tiene muchas cosas que decir y teme la falta de tiempo para decirlas, cecea infantilmente, como si todo lo que hay en su alma quisiera salir al mismo tiempo (...) La simplicidad de los árcades, de los habitantes de la Arcadia (...) Tú, árcade moderno, angustiado por los problemas de nuestro tiempo, procura no perder esa limpidez de visión, esa sencillez que nos acerca a la infancia del mundo, a la edad de oro, y que finalmente nos acerca a Dios. No te avergüences de seguir siendo niño (...) Defiende tú al tuyo, tan a flor de piel, y que Dios te bendiga.*

E, de feito, o mesmo Arcadio López-Casanova anceia ser coma un neno, lonxe da dor da idade adulta:

*Qué hermoso sería poder tener así, de repente,  
por un momento entre las manos a un niño*

---

<sup>8</sup> Compárese co “Perfil biográfico” que Arcadio López-Casanova redactou en 1990, p. 5 para caracterizar a Luis Pimentel (máis adiante sinalaremos outras similitudes).

a un fruto santísimo arrancado  
de la más remota de todas las dulzuras.

(...)

Un niño dulcísimo venido de la ausencia  
que pudiera alzar su mano y exclamar : Miradme bien;  
yo no he pecado jamás, soy inocente.

(...)

Y que doloroso sería  
dejarlo luego crecer junto a nosotros

(...)

Verlo  
caminar sobre el campo, bajo el sol, hecho hombre,  
y como fruto maldito asesinado.

1965 é a data na que aparecen os seus *Sonetos de Espranza presentida* (libro de especial interese para nós polo seu vencello co poemario premiado nos *II Juegos Florales* de Marín), onde se reitera a polaridade infancia/madurez<sup>9</sup>:

### ELEXÍA POLA INFANCIA PRESENTIDA

Dixéronme: “Sé puro, nunca creas  
o pranto nin na dór” e por min ía  
derribándose un mundo en ferventía  
de metralha e furor, a maus ben cheas.

“Eres ceibe”, escoitei, e con cadeas  
atáronme a nenez, mais eu seguía  
con todo na ledicia ... (Ouh, lonxanía  
do neno que viviu nas miñas veas).

Neno que fun —dil quédame a lembranza—  
aberto de cotío cara a espranza,  
cara o tempo do amor tan desexado.

Home que son agora, xa vencido  
na tristeza sin mais, home afundido  
e no tempo da dór acoitelado.

Dous anos despois, a editorial Salnés saca á luz *Palabra de honor*, libro menos dorido e más comprometido<sup>10</sup>, que conté poemas desde 1959 a 1967. O propio autor dános noticia da súa poética:

<sup>9</sup> Esa dicotomía xuventude/ancianidade mantense hoxe coma onte na poética arcadiana (vid. artigo de C. Mejía en *Madrygal*, nº1, 1998).

<sup>10</sup> Continuación da temática do poema de *Sonetos de Espranza presentida* “Elexía final de espranza”.

*Vai xa pra moitos anos, leitor amigo, que os poemas diste libro escomenzaron a agromar. (...) Cada palabra que vas lér foi erguida e colocada ca meirande homildade e autenticidade de que son capaz. Mais que nunca adviño oxe a probeza do meu mester (...).*

*O punto fundamental da sua formación abriuse acó, nas miñas terras luguesas.*

Atrais ficaba o meu primeiro tempo de estancia en Compostela, onde fixen douis grandísimos achádegos: dunha banda tomei conciencia viva e rexa da nosa lingua, de Galicia e ademirei a leición ética i o que siñifica fidelidade á Terra no home que considero o meu mestre: R. Piñeiro; de outra, o vencellamento fondo os componentes da miña xeneración —Salvador García-Bodaño, Bernardino Graña, Xavier Carro, Carlos Casares- unidos todos, como tiña que ser, por unha íntima identidade de problemas e más tamén de visión da nosa razón de ser nista hora galega e do mundo<sup>11</sup>(...).

*Un segundo punto diste libro fixouse ca miña chegada ó Páramo lugues, temas que marcaran a frente longa e fermosa da miña infancia. Unha vez aló, unha forza estrana movíame a ir percorrendo, perante días e días, camiños que eu tiña na lembranza, pero valeiros de siñificación....*

*(....) Sucedeu o milagre: aquela néboa mesta ergueuse ó ceio e pouco a pouco toda a paisaxe, a esterior e maila interior, amostroume os seus lindes. Foron días (...) de dór e non de ledicia. Porque, súpetamente tamén, atopeime home riba daqueles sucos, home que escoitaba un puro e limpo cántico da infancia, dunha infancia, dun mundo, perdido irremisiblemente. Entón, craro, veu o se decatar de que iste “mundo do home” que tiña “estaba mal feito”; veu a toma de conciencia dos feitos tráxicos que acompañaron a perda dise paraiso e veu, ó cabo, un irresistible anceio de fuxir cara os eidos daquelo que se me esvaira, unha arela de me refuxiar na historia individual, que antano vivira e que, naquel intre de recoñecemento, tan fermoso cántico rendía no corazón<sup>12</sup>.*

<sup>11</sup> Exemplo paradigmático é o poema titulado “Carta”:

É tempo de falar,  
Bodaño, Bernardino,  
Xohana, Manuel María,  
Casares, Celso Emilio,  
Tovar e Novoneyra,  
de dar a voz en vivo,  
de desbordarse enteiros  
pola terra, ser ríos  
de luz; (vede en qué poucos  
palabras volo digo).

<sup>12</sup> Vid. “Biografía”:

No principio dixéronme: “abre os ollos”,  
-cánto mellor o telos ben pechados-;

(...) Somentes co meu regreso a Compostela, sementada e assimilada xa a esperencia vivida e sabido, endemáis, que a salvación non estaba, de ningún xeito, no refuxio sobre o pasado, sobre a infancia, sobre aquela paisaxe que vira tan limpia, tan pura e fermosa, escomenzaron a nacer os poemas diste intre, suxetos, xa que logo, a un novo tono (...) resiñación (...), fun sentindo ó mesmo tempo, unha necesidade radical de cambiar a forma, o vehículo expresivo. O poema saíume entón, pareceume, sometido non soio a un ascetismo da palabra (inanque sempre desbotei as falsas florituras), sinón que, amais, ista palabra devalaba encaixada, endurecida en ríxidos moldes métricos, disciplina que me obrigou a falar de xeito máis espido e concentrado, tal como a natureza do poema mo esixía.

(...) Outra estancia no Páramo ó longo dus breves días do inverno, íame abrir as portas dun novo descubrimento: axiña fiquei solprendido, namais chegar, de que aquela xeografía local e pechada escomezárase a encher, diante de min, de historia civil. Como unha súpeta revelación, vin representados sobre a paisaxe paramosa, os sucedos coleitivos que ferían de mágoa ó país. Era, pra min, coma unha terrible e noitebrega danza da morte. Era Galicia enteira erguida e recollida a aquelas campas, aquelas nabaregas, a aqueles cumios esvaecidos na néboa<sup>13</sup>. Escri-

¿Había luz...? Non sei... Ai, ónde, ónde,  
si era todo velar no desamparo!

Dixéronme endespós que abría a boca,  
porque vivir había que vivir  
e, sábese, ser home costa caro.

(...)

Dende aquil intre estou contra a parede,  
nunha esquina da clase asesiñado.

<sup>13</sup> Vid. "Páramo, si relembro..." (Cfr. "Elexía en outono" incluido en *Sonetos...*):

Cando abro a fiestra da mañá e me chega  
un ar limpo de outono dende o Páramo  
e vexo a terra aberta en sucos, cómo  
pechar entón os ollos e volver  
a aqueles anos nos que a xente andaba  
entre alambradas, co fusil (a Historia  
estudieina sin libros moitas veces),

(...)

Cómo volver a relembrar aqueles  
tempos dunha posguerra i a paisaxe  
igual co corazón, erma, sin carros  
que baixaran do monte o pan prás airas,  
as campas largacías sin centeio,  
aqueles vraus sin sol, porque era o pranto  
soio entre nós, decide, cómo agora  
que abro a fiestra e de súpeto está a terra  
toda en sucos medrando cara a esperanza  
e me ven a bubela co seu canto  
de limpo outono, non volver... (Entón  
eu era un neno afeito na tristeza).

bín moito (...) e decateime de que o Páramo, aparecendo en imaxe por tódalas bandas, chegou a sinificar nos meus poemas GALICIA<sup>14</sup> (...).

*E ven, por fin, a última etapa. Deixei definitivamente Compostela i o meu primeiro ano de vivir en Lugo estiven sin escribir nada (...) hasta que un achádego fundamental —o amor—, entregoume un camiño novo.*

En 1976 ofrécenos unha nova recompilación en *Memoria dunha edá* (1960-1975) como recoñece na “nota non necesaria”:

*Recollo neste libro poemas de antre o 1960 e 1975, é decir, de ó longo de quince anos de ´traballo? O mesmo título da breve escolma paréce-me xa indicativo do seu senso: nunha parte “Presencias con nome” - van os poemas que máis fielmente responden a unha liña miña de palabra compartida; son xa que logo, testos que pertencen ós Sonetos da espranza presentida (Col. Ronsel, nº 2, Lugo, 1965), a Palabra de honor (Col. Sainés, Vigo, 1967) e mais a unha serie de Pliegos dos amigos, separatas que fun dando ó prelo en diversos intres de todo iste tempo e asegún moi diversas circunstancias. Somentes, de antre todos eles, as “elexías” rosalianas i o adicado a Luis Seoane fanse éditos agora.*

*A segunda parte—“Mesteres”— amosa exemplos do cosmos poético no que labouro dende o 1967, e que cecáis algúns días (...) formará o libro Mester do exilio.*

Este libro será de importancia especial na nosa análise ó presentar variantes voluntarias e xeneticamente relacionadas co poemario premiado en 1962 na vila de Marín.

### TRES POEMAS CON MAR DENTRO DA POÉTICA DE ARCADIO: TEXTOS E CONTEXTOS

*Memoria dunha edá* marca o tránsito entre as dúas etapas que se poden distinguir na obra literaria de Arcadio López-Casanova<sup>15</sup>. Anxo Tarrío encadra

<sup>14</sup> Vid. “Poema final do regreso i a promesa”;

(...)

quixería facer da miña palabra, palabra do pobo

(...)

Pero en canto teña curadas as feridas

(...)

e, ai, entón malditos, malditos,

tódolos camiños dista terra miña

saberán xa pra sempre dun cantar libre e puro.

<sup>15</sup> *Diccionario de autores galegos*, Vigo, Galaxia, 1995.

a primeira etapa da produción de Arcadio dentro da Escola da Tebra. Dita escola protagonizou o nacemento do nacionalismo galego moderno e unha serie de fenómenos culturais como a participación nas *Fiestas Minervales*<sup>16</sup>, tertulias, colaboracións no xornal *La Noche*, publicacións literarias nalgúns das coleccións que Galaxia puxo á súa disposición (“Salnés”, “Illa Nova”) ou as relacións con membros do grupo en Compostela. A presencia común nestas actividades motivaron o seu bautizo como *Xeración La Noche*, (Borobó), *Xeración das Festas Minervais* (X. L. Méndez Ferrín), ou *Xeración Illa Nova* (X. L. Franco Grande).

A etapa caracterízase por unha actitude intimista e angustiosa influenciada pola corrente existencialista e a desfeita cultural que Galicia vivía:

*Individualismo negativista exacerbado e un sentimento de soiade (cósmica ou existencial) que, extrapolado á situación de Galicia como patria perdida, tería que tinguir con tons de escura desesperanza (...)*<sup>17</sup>.  
*Actitude xeracional tenebrista (...) extrapolación da dor e dos anceios de liberdade individual a necesidade de liberación dunha Galicia inocente, prostrada tamén na dor e na desesperanza.*

Mostra dessa extrapolación da dor persoal á dor colectiva en Arcadio López-Casanova é a “Elexía final de espranza” (derivación da “Elexía pola infancia perdida” pertencentes ós *Sonetos de Espranza presentida*). Na “Nota preliminar do autor” á *Antología personal*, Arcadio presenta-la súa autopoética como unha vivencia y representación de la desfeita, de la “des-gracia” o desposesión como identificadoras del humano vivir<sup>18</sup>.

En cada etapa a desfeita é vivida desde unha perspectiva diferente. Sobre a primeira explica o autor:

*En la poesía adolescente remite al ámbito de la infancia perdida y al espacio mítico del Páramo lugués, luego (...) esa desfeita se con-*

<sup>16</sup> O noso escritor, segundo referirá el mesmo en *Palabra de honor*, descobre en Santiago Galicia e o galeguismo. A súa participación nas *Fiestas Minervales* foi premiada en castelán no ano 1962 e 1963 e en galego nos anos sucesivos de 1962, 1963, 1964 e 1965.

O profesor X. Alonso Montero sinala a este respecto:

*Axíña foi Arcadio López-Casanova, nos medios universitarios compostelanos, un nome cultural importante: poesía, colaboracións na prensa, teatro, organización de actos.... Foi tamén agarimado e arroupado (...) Algúns anos despois este agarimo quebróu ou esvaeuse, episodio —maiúsculo episodio— que ainda incide duramente no ánimo de Arcadio, catedrático de literatura en Valencia desde 1968, lonxano destino non aldeo a este episodio.*

Arcadio LÓPEZ-CASANOVA, ademais, foi galardoado no premio do Corpus de Lugo, nos *Juegos Florales* de Betanzos, Flor Natural dos *Juegos Florales da Cidade de Sacramento*, finalista no I Certame Galaco-Portugués del Miño coa obra de *Orestes* e premio no V Concurso de Contos Infantís “O fachó” con *O bosque de Ouriol*.

<sup>17</sup> A. TARRÍO: *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo, Xerais, 1994, pp. 396 ss.

<sup>18</sup> *Antología personal. Obra poética gallega y castellana (1967-1987)*, Ferrol, Sociedad de Cutura Valle-Inclán, 1987, p. 8.

*vierte en total espectáculo de la destrucción cuyo eje articulador es la imagen simbólica del exilio y con tres ámbitos delimitadores: un pasado en el que queda con-fundida una patria fantasmal y remota; un presente sin raíces; un futuro que se vive dramaticamente (...) como vencimiento de la ancianidad.*

Exemplos desa diferente visión son as poesías dedicadas a Aquilino Iglesia Alvariño ou a Luis Pimentel. En *Memoria dunha edá*, libro de tránsito como sinalamos, aparecen poemas cunha nova versificación, un novo tratamento dos temas (na “Nota preliminar” ó libro da segunda época *Antología personal* di: *ese llegar/vivir/consumar se centran exclusivamente en el que el yo lírico habita, universo de belleza turbadora —Casa, mar, naranjos, luz— pero que no logra anular o borrar los signos de la desgracia*) e recursos (formas sálmicas, acentos bíblicos, reiteracións, uso de derivados, aliteracións, paronomasias, anáforas e outros elementos que, no dicir do profesor X. Alonso Montero, están esixidos pola obsesión e teima poética).

Os tres poemas presentados en 1962 ós *II Juegos Florales* da A.C.A. “Santa Cecilia” de Marín insérense dentro desa primeira etapa e nela ocuparán un papel destacado, pois serán a xénese de futuras variantes voluntarias éditas. Dous dos poemas seguen a liña da “palabra compartida”, das “Presencias con nome” que Arcadio inclúe en *Memoria dunha edá* (1976) e que xa foran recreados en *Sonetos de Espranza presentida* (1965). No primeiro libro os nomes presentes son Rosalía, Curros, A. Machado, R. Otero Pedrayo, L. Pimentel, Castelao, Pablo Neruda, X. Bal e Gay, R. Alberti, A. Iglesia e C. Fernández de la Vega, no segundo L. Pimentel, A. Iglesia Alvariño e R. Otero Pedrayo (repárese en que entre os nomes galegos, ademais daqueles vencellados ó noso rexurdimento ou á xeración Nós, salientan os membros da xeración vanguardista ou do 22<sup>19</sup>).

Velaquí os poemas que presentou ós *II Juegos Florales* de Marín baixo o lema *Páramo* e co título de “Cantos co mar de fondo”.

#### O POETA CANTA O MAR DE RIANZO EN LEMBRANZA DE MANUEL ANTONIO

Qué antergo mar de escuma en ti silencia  
ise fondo rumor da sua longura;

<sup>19</sup> De ese modo, entonces, queda configurada una amplia generación gallega de poetas, narradores, pintores, musicólogos, estudiosos, de la que van a ser nombres céleres Manoel Antonio, Amado Carballo, Luis Pimentel, Fermín Bouza Brey, Carlos Maside, Colmeiro, Bal y Gay, Rafael Dieste, Anxel Fole, Eduardo Blanco Amor, José Filgueira Valverde... y cuyas claves de fondo radican en su fidelidad al arte nuevo (...), a la lengua gallega como vehículo e expresión, y al nacionalismo (...) como impulso ideológico y constituyente ético (...). Conviene hablar de modo amplio de actividad vanguardista, subrayando en ella la tarea de inserción en la tradición simbolista y de actualización de sus corrientes (ruptura, pues, con el hiato y la disonancia), y no, con criterio estricto, de “ismos” o vanguardia pura (poco presente y efectiva). (*Insula* nº 529, 1991, pp. 14-16).

en que soio ronsel a tarde pura  
lenemente se esvai cara a tua ausencia.

Qué tempo te levou, viva presencia  
alcendida de Deus, arboladura,  
pra ise certo non ser ou pra isa escura  
craridade mortal da sua eisistencia.

Qué velamios de sombra, silenciosos,  
por lonxanos albores lumiosos  
rachan agora a mar desarbolada.

Mais xa todo te abrangue. A noite ecoa.  
Plenitude de ser!.. O longo soa  
isa vaga de Deus en ti abismada.

#### O POETA CANTA O MAR CA SUA AMADA O FONDO

Pra Mary Carmen

Devalabas ca tarde que se ía  
no sono do solpor esmorecendo;  
soia ante as ondas fucheste perdendo,  
-longo segredo meu que se esvaía-.

Preso eu tamen no ollar da lonxanía  
nun algures fiquei mais non entendoo  
que mar perto de min foime traendo  
dende aquela mañá que nos cobría.

¡Outo segredo meu por tí levado!...  
¿En que Tempo ancrarás?... (O mar calado  
pérdese fondo en min e se silencia).

Tí sigues polas ondas mainamente  
cara o albor i eu na tarde transparente  
deixome ir enviso pra tua ausencia.

#### O POETA LEMBRA UNHA TARDE FRENTES O MAR CON AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO

(Palma de Mallorca, 1958)

Nun escuro fruir ardes ti vivo,  
mariñeiro pra terra en desbandada  
de luces antre as escuma [sic] desatada,  
—soio cristal no teu mar sensitivo—.

Por un escuro adiante fuxitivo  
 vas, sombra de ti mesmo, recen nada  
 no longo Alén das cousas, luz varada  
 nise ámbito do ser a nos esquivo.

;Qué silencio ó dos cómaros agora!...  
 Craridade de ti medra ca aurora,  
 puro palpo de Deus en lonxanía.

(Na noite estás pra sempre xa esvaido).  
 Soa o vento por nos, fero laído,  
 “Lanza de soledá”, “día tras día”.

#### I. O POETA CANTA O MAR DE RIANZO EN LEMBRANZA DE MANUEL ANTONIO

O primeiro dos poemas premiados en 1962 aparecerá editado en 1965 como un máis dos *Sonetos de Esperanza presentida*, pero agora como “Recordatorio para Luis Pimentel” e como *Pirmeira elexía* da compilación publicada en 1976 (*Memoria dunha edá*).

Reproducimos a seguir as versións éditas de 1965 e 1976.

#### RECORDATORIO PARA LUIS PIMENTEL

Que antergo mar de noite en tí silencia  
 ise fondo rumor da sua longura;  
 por qué aberto ronsel a tarde pura  
 lenemente se esvai cara a tua ausencia.

Qué tempo te levou, viva presencia  
 alcendida de Deus, arboladura,  
 pra ise certo Non Ser ou pra isa escura  
 craridade mortal da sua eisistencia.

Qué velamios de sombra, silenciosos,  
 por lonxanos albores lumiosos,  
 rachan agora a mar desarbolada.

Todo te abranque, Luis, e te coroa  
 i un barco ergueito en luces longo ecoa  
 alá na onda de Deus, por tí abismada.

*(Sonetos de Esperanza presentida, 1965)*

## LUIS PIMENTEL

*Elexía primeira*

Qué antergo mar de sombra en ti silencia  
 ise fondo rumor da súa longura;  
 por qué aberto ronsel a tarde pura  
 lenemente se esvai cara a túa ausencia.

Qué Tempo te levou, viva presencia  
 alcendida de Deus, arboladura;  
 roto cordame, corazón, escura  
 voz xa da Noite. A Morte é trasparencia.

Qué velamio de terra, silenciosos,  
 por lonxanos albores lumiosos,  
 rachan agora a mar desarbolada.  
 Todo te abrangue, Luis, e te coroa,  
 i un barco ergueito en luces longo ecoa  
 alá na onda de Deus por ti abismada.

*Elexía segunda*

Soia ficou... Pró Aló foise il, espido  
 na luz, mirto nas maus, e sobre o abrente  
 doces camelias de coroa, quente  
 corazón na orfandade desvalido.

Qué silencio endespóis, sala sen bruido,  
 sen voz súa na alcoba, qué semente  
 de ausencia tralas portas... De repente,  
 ¡qué xeada soleira sendo olvido!

I Ela de Amor, deitada no seu nome,  
 toda albelo devezo que se ensome,  
 lene de luz, mirto nas maus, ardida  
 lámpara do seu Pazo que il amara,  
 torre do Día que il labrou, vencida,  
 sombra, sombra no espello que il mirara.

*(Memoria dunha edá, 1976)*

¿Por que o cambio de destinatario entre o poema de 1962 e as dúas variantes? Quizais pola admiración persoal e a comuñón literaria e persoal. X. L. Axeitos sinala que vén de lonxe a preocupación do profesor, poeta e crítico

*Arcadio López Casanova pola obra de Luis Pimentel; o traballo que presentou como tese de licenciatura no ano 1966 sobre a poesía do poeta lucense ou a conferencia que deu no Círculo das Artes de Lugo no 1973 así o demostran<sup>20</sup>.*

No estudio de Arcadio López-Casanova sobre o autor de *Sombra do aire na herba*, albiscamos vivencias semellantes entrámbolos dous poetas lugueses:

*Compostela vai ser o foro decisivo da súa formación, o ámbito no que fará as catro fundamentais descobertas que terán de guiar a súa vida. De primeiras, a da cidade (...) que pouco a pouco vai sentindo como emblema da Galicia espiritual e misteriosa (...) a medicina (...) coñece a Pilar Cayón (...) e virá, tamén, a poesía (revista Ronsel)<sup>21</sup>.*

Os dous van ser renovadores cada un na súa época. De Luis Pimentel di Arcadio López-Casanova:

*Soamente ó longo dos anos vinte, xa dentro dun ámbito de universalidade e madureza do mundo cultural galego que asentan os homes de Nós, vaise dar cos poetas mozos que abrochan neses intres a agardada renovación, os signos da ruptura. Configúrase así unha ampla e homoxénea xeración —que chamaremos de vanguarda ou do 22 (...) Participantes todos (...) dunha nova “sensibilidade vital” duns novos fundamentos estéticos<sup>22</sup>.*

E de Arcadio López-Casanova di Claudio Rodríguez Fer:

*(...) O proceso de renovación da poesía galega que se consumou en 1976 mostrou os seus primeiros síntomas moi antes, aínda que de maneira esporádica e imperceptible para moitos. (...) O fito que sinala o cambio de rumbo da poesía galega actual é a publicación, en 1976, de Con pólvora e magnolias de Xosé Luis Méndez Ferrín e de Mesteres de Arcadio López-Casanova (...) Os dous poemarios citados supuxeron o redescubrimento das posibilidades da linguaxe, dos recursos formais e da dimensión estética do poema, frente ao empobrecido coloquialismo, ao parco prosaísmo e a mera complacencia ética dominantes no socialrealismo. En canto á temática, confinada ata entón nas estreitas marxes da denuncia programática e moralista polos socialrealistas, ambas obras abreñse a temas novos e variados de carácter intimista, existencial, metafísico, mitolóxico e cultural, aínda que sen renunciar tampouco ao político e social. Ademais, mostran referencias a personaxes, obras e linguas estranxeiras, facéndose permeables a numerosas influencias foráneas mesmo extra-literarias-, en contrapo-*

<sup>20</sup> Boletín Galego de Literatura, nº 4, 1990, p. 121.

<sup>21</sup> Luis Pimentel e *Sombra do aire na herba*, Vigo, Xerais, 1990, pp. 7 ss.

<sup>22</sup> Ibidem, p. 19.

sición co seguidismo literal —basicamente de autores galegos, españois e latinoamericanos— do socialrealismo.

(...) Tres características xerais en torno a outros tantos fenómenos dominantes: o descubrimento da lingua xe, a apertura temática e estilística e unha maior ou menor dose de culturalismo<sup>23</sup>.

A temática dos seus poemas está moi próxima. Arcadio sinala en L. Pimentel catro tensións grato acougo/desvalemiento, angustia por un lado e creación reveladora, reino de eternidade/morte, por outro. O desvalemiento ou baleiro maniféstase de varias maneiras. Ás veces, un concreto acto lírico (...) é figuración que nos obxectiva e exemplifica unha vida de tedio e soildade, de desposesión e vencemento, de sonos afogados.

*Creador dun mundo ricaz e unitario (...) Soubo dar luz ós seus ámbitos entrañados, acender a razón da poesía e a función do poeta, interpretar, en fin, os sinais más fondos da condición humana, da existencia como dramático e permanente contraste entre arela liberadora e desvalemiento radical (...)*<sup>24</sup>.

Esta caracterización non está lonxe da poética de Arcadio López-Casanova: o seu sentimento de desposesión, a súa valoración da palabra e do papel do poeta, as numerosas interferencias entre os campos do “litúrxico-eclesial”<sup>25</sup>, Rosalía como símbolo de Galicia<sup>26</sup>, a presencia do mar, etc. Pero en Pimentel o silencio ou o mar acadan especial valor:

<sup>23</sup> *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Vigo, Xerais, 1989, pp. 254-255.

<sup>24</sup> *Luis Pimentel e Sombra do aire na herba*, Vigo, Xerais, 1990, pp. 53-64 e 121.

<sup>25</sup> Para Luz Pozo: *estas semellanzas formularias entre as Sagradas Escrituras e a poesía de Pimentel responderían más ben á profunda convicción do seu autor de cumplir unha misión case divina como poeta escollido, con virtualidade para transforma-lo mundo coa enerxía do seu espírito concentrada en verbas e mensaxe* (1990: 121).

Na “Elexía da propia soedade” atopamos versos semellantes ó canto/recordatorio de Manuel Antonio/Pimentel, pero no primeiro caso hai interpelacións directas a Deus na liña do libro primeiro *Hombre último*:

(...) ouh Deus (...)  
alcendido hasta Tí í asulagado  
(...)  
Nisa onda que vai...  
onda tuas, Señor, que alumas todo,  
no noso mundo e nise mesto lodo  
tralo que vivo estás, eternamente.

<sup>26</sup> Arcadio LÓPEZ-CASANOVA ten estudiado a relación entre Galicia e Rosalía na obra de Luis Pimentel, pero tamén na obra de Arcadio se poden atopar esas relacións (“Palabras na tarde pra Rosalía” en *Palabra de honor*), que se prolongan e abranguen ó Páramo e a Otero Pedrayo (“Galicia en Amor” *Sonetos...*).

Palpo a Galicia ardendo en chama agora,  
outa na tarde, soia i estantía;  
sucu a suco percorro a terra, a fría  
néboa ou cristal de luz que nela afrora.

¡Puro fulgor, Galicia...! A noite fora  
entre sombras se esvai e rube o día

*O mar é un factor de desestabilización permanente na poesía de Pimentel<sup>27</sup> (...). A presencia do mar constitúe unha arela, un anceio contínuo do espírito (...) O silencio (...) marca coa súa negación e fon-dura do ser e dálle a dimensión da identidade como home e como poeta. (...) O sentido da noite e o tempo, a orde das cousas e dun mesmo (...) Adhesión do autor ó código relixioso (...) Responderían máis ben á profunda convicción do seu autor de cumplir unha misión case divina como poeta escollido, con virtualidade para transforma-lo mundo coa enerxía do seu espírito concentrada en verbas e mensaxe<sup>28</sup>.*

Dado que o mar é un elemento importante tanto en Manuel Antonio como en Pimentel (para este negativo), Arcadio López-Casanova non precisa mudar o contido do poema cando muda os destinatarios, confórmase con acrecentar datos de intertextualidade citando o título dunha das obras póstumas do seu coterráneo (“i un barco ergueito en luces”). Con tdo, advírtese unha maior carga nos poemas de 1965 e 1967, dedicados a Luis Pimentel, de elementos que connotan a angustia existencial (“Non Ser”, “Noite”, “Morte”), a plenitude trala morte, o silencio e a ausencia. O mesmo Arcadio López-Casanova, segundo comenta E. Alonso no prólogo a *Mesteres*:

*Mientras permanece en el exilio, es decir, mientras vive y se desvive, el poeta está en la noche de la gran Noche (Noche=Muerte).*

Se o mundo pimenteliano é unha “polaridade negativa”, nos poemas de Arcadio López-Casanova se combinan en juego caleidoscópico de luces y sombras, afirmaciones y negaciones, con estas cuatro palabras: día y noche, vida y noche, día y muerte, vida y muerte<sup>29</sup>.

nun aberto mencer... (Ai, Rosalía  
baixo o solpor pechado xa no chora!)

<sup>27</sup> Compárese coa peculiar valoración do mar en Arcadio López-Casanova.  
(Desposesión)

MIRAS y sabes. Ya no sabes nada  
Ya no miras: tus ojos están ciegos.  
Oscura sombra de mineral de fuegos  
de Muerte. Oscura sombra sobre nada.  
Existes tú, no existes. Nada es nada.  
El mar desde la mar —¡oh monasterio  
funeral!— tañe acordes del salterio  
tuyo, y tú ya no ves ¿La vida? Nada

Existe. y tú no sabes. Y tú miras  
el mar, la mar oscura, oscuras liras  
de soledad, de soledad... Ya es tarde  
para vivir, para vivir. No tienes  
nada, no tienes nada, ¿Luz sostienes...?  
En silo de templanza arde la tarde.

<sup>28</sup> Luz POZO GARZA: *A Bordo de Barco sin luces ou o mundo de Luis Pimentel*, Santiago, Sotelo Blanco, 1990, p. 54, 119, 121.

<sup>29</sup> Mesteres. *Obra poética II* (1968-1976), Valencia, Difusora de Cultura, 1976, pp. 9-27, 71. Combincación que se mantén na poética actual, por exemplo en *Noite do degaro*, Vigo, Galaxia, 1994.

## II. O POETA CANTA O MAR CA SUA AMADA O FONDO

O segundo poema inclúese entre os *Sonetos de Esperanza presentida* baixo o título “Elexía polo amor prometido”. As diferencias entre unha e outra son pouco pertinentes (signos de puntuación, grafías, acentos, algunha palabra), pero na versión orixinal presentada ós *II Juegos* da A.C.A. “Santa Cecilia” de Marín descóbrese a dedicatoria “Pra Mary Carmen”. Velaí a versión édita nos *Sonetos*:

### ELEXIA POLO AMOR PROMETIDO

Debalabas ca tarde que se ía  
no sono do solpor esmorecendo;  
soia entre as ondas fúcheste perdendo,  
-¡longo segredo meu que se esvaía!-.

Preso eu tamén no ollar da lonxanía,  
nun algures fiquei, mais non entendo  
que mar perto de min foime atraendo  
dende aquela mañá que nos cobría.

¡Outo segredo meu por tí levado!  
¿En qué Tempo ancrarás...? (O mar calado  
pérdese fondo en min e se silencia).

Tí sigues polas ondas mainamente  
cara ó albor i eu na tarde transparente,  
deixome ir enviso prá tua ausencia

(*Sonetos de Esperanza presentida*, 1965)

Pode comprobase a través da lectura que na primeira época áinda o amor é unha “esperanza presentida” que acompañará no futuro ó poeta na segunda etapa de exilio interior e exterior (como proba o poema “Liturxia do corpo. Himno”, introducido en *Antología personal*, en *Liturxia do corpo* e en *Memoria dunha edá*) e que vencerá en *La oscura potestad*:

(...) la fuerza salvadora del amor se mantiene, por fortuna, sobre las otras que afectan al ser humano<sup>30</sup>:

CUERPO DE TAL SUPLICIO  
Y conmigo viniste, conmigo  
viniste,

<sup>30</sup> *La oscura potestad* (1972-1978), Madrid, Ed. Rialp, 1978.

arena de mi edad,  
 cuenco  
 de mi barro de sombra  
     conmigo viniste  
 cuando la luz apuntaba tu vidriera de juventud,  
     (compañera  
     mía  
         horas y horas a esta tierra sin salutación  
         nos reconoce,  
     ¡oh, junto a mí,  
         desposeídos siempre,  
     arrodillados siempre bajo el cilicio del sol! (...)

### III. O POETA LEMBRA UNHA TARDE FRENTE O MAR CON AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO

O terceiro poema aparecerá anos despois entre os *Sonetos de Esperanza presentida* como “Recordatorio pra Aquilino Iglesia Alvariño” con pequenas variantes. Tamén en *Memoria dunha edá* dedicará o “Mester de Estremaunción” ó poeta lugués, pero nesta ocasión os versos son totalmente diferentes:

#### RECORDATORIO PRA AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO

Nun escuro fruir ardes tí vivo,  
 mariñeiro pra terra en desbandada  
 de luces entre a escuma desatada,  
     —soio cristal no teu mar sensitivo—.

Por un escuro adiante, sin arribo  
 vas, sombra de ti mesmo recén nada  
 no longo Alén das cousas, luz varada  
 nise ámbito do ser, a nós esquivo.

¡Qué silencio o dos cómaros agora!.  
 Craridade de tí medra ca aurora,  
 puro palpo de Deus en lonxanía...

(Na noite estás pra sempre xa esvaido).  
 Soa o vento por nós, fero laído,  
 “lanza de soledá”, “día tras día”.

*(Sonetos de Esperanza presentida, 1965)*

## MESTER DA ESTREMAUNCIÓN

*Pra Aquilino Iglesia Alvariño*

Cairán, caeron, cairán os mazaricos do demo,  
 [as furnas do solpor, a cinza sen acios do  
 [cadaleito,  
 ora, ora,  
 dende acó, dende acó,  
 dende aló, dende aló,  
 cairán sempre, cairán sempre, cairán sempre,  
 [dende acó e dende aló, ora, ora,  
 as furnas dos amigos, os axóuxeres ledos, as  
 [cuncas do viño dos mortos, a luz da lámpara  
 [no leito da muller de liño,  
 ora, ora,  
 sempre, sempre,  
 as furnas de fume, os fornos do pan quei-  
 [mado, a Casa que fixeron as maus de  
 [santo, os ramallos de cilicio pra azoutar o  
 [corpo de frío,  
 todo, todo,  
 sempre, sempre,  
 nunca e nunca,  
 cairán as furnas de vivos e mortos, as vigas  
 [do perdón, os castiros ca súa sombra de Noite,  
 a Noite na sombra tamén cairá,  
 nunca e nunca,  
 furnas, pallozas de medo, carreiros de es-  
 [pantalllos, tolas do monte ardendo, medas  
 [de boutres, mámoas  
 todo, todo,  
 fachos alcendidos diante do mar,  
 Templo, Casa miña, soleira onde axionllado  
 [recito así a zanfoña da vellez,  
 corpo, corpo  
 meu,  
 furnas cairán de mortos, mazaricos do demos  
 [coma lume antre os laranxos  
 i o xabre do esilio,  
 axionllado así na soleira da Casa Paternal,  
 [augas e acios de mantenza,  
 ora, ora,  
 todo, todo,  
 sempre, sempre,  
 nunca e nunca,

cando nos camiños da Terra ninguén hai,  
 [poisque ninguén hai nos camiños da Terra,  
 e soio lonxe, lonxe, lonxe,  
 nos ollos velan Noite baixo o pano dos mortes!]

(*Memoria dunha edá*, 1976)

O primeiro que cómpre comentar é o peritexto que acompaña á versión primixenia presentada ós *II Juegos Florales*: “Palma de Mallorca. 1958”. Resulta curiosa esa cita feita por Arcadio López-Casanova tendo en conta que Aquilino Iglesia Alvariño reside en Santiago desde 1952 (cátedra de latín no instituto “Rosalía de Castro”) e ata a súa morte en 1961 sen que haxa constancia de tal viaxe nin por parte do autor nin por parte do destinatario. ¿Será unha licencia literaria?

Si estivo en Palma de Mallorca por esas datas Celso Emilio Ferreiro convidado polo seu amigo Camilo José Cela ó congresso de Poesía “*do que regresa moi marcado e cun compromiso se cadra máis resolto —e curiosamente cunha grande teima con Aquilino Iglesia Alvariño*”<sup>31</sup> (lémbrese que Celso Emilio Ferreiro foi moi amigo de Aquilino Iglesia Alvariño chegando a facer un longo poema en colaboración<sup>32</sup>.

Quizais haxa que entende-lo poema premiado nos *II Juegos Florales* de 1962 como unha reivindicación do poeta de Seivane, reivindicación dunha figura que nas palabras de Méndez Ferrín “*asiste a conveniente distancia e con extraño receo, ó rexurdimento das letras galegas nos anos 50, sen participación en ningunha tarefa cultural de equipo, ó tempo que mantén relacións pouco estreitas cos nosos universitarios da Xeración das Festas Minervais, certame do que foi xurado algúns anos*”. Palabaras corroboradas polo profesor X. Alonso Montero<sup>33</sup>.

A versión publicada dentro dos *Sonetos* xa é un simple “Recordatorio”, quizais porque a distancia ética e estética entre os dous poetas se fixera maior. Sobre o 1962/63, Arcadio López-Casanova, segundo conta Alexandre Cribeliro *con outro grupo de persoas formáramos en Lugo unha organización que nos considerábamos como extensión do Consello de Galiza, e que Ferrín malchamava Consello da Mocedade. Entre eles estabamos xentes mozas e non tanto — porque os había que casaran e licenciados: Ferrín, López Casanova, García Bodaño, Moreda (...), Arjona, Bautista, Raimundo Patiño (...)*<sup>34</sup>.

Tanto a versión como o orixinal foron feitas trala morte de Aquilino Iglesia Alvariño, de aí versos como “Na noite estás para sempre esvaído”, “puro

<sup>31</sup> A Nosa Terra, A Nosa Cultura, II Xuño, 1989, p. 55.

<sup>32</sup> Aquilino IGLESIAS ALVARIÑO: *Poesía galega completa* (ed. X. Alonso Montero), vigo, Xerais, 1986, p. 21.

<sup>33</sup> Ibídem, p. 19.

<sup>34</sup> A Nosa Terra, p. 56.

palpo de Deus en lonxanía". Destacan tamén as intertextualidades implícitas ou explícitas referentes ós títulos de Aquilino Iglesia Alvariño: "cómaros", "día a día", "Lanza de soledá" (da mesma forma este escritor utilizaba as intertextualidades nos seus poemas dedicados a Rosalía, Manuel Antonio, etc.).

Arcadio e Aquilino comparten a visión do Páramo e mesmo algúns termos poéticos como "caivancas", "alanca", "oucas", "nebra", "pexegos", "paxaros"...

O derradeiro poema, incluído en *Memoria dunha edá* xa está escrito polo Arcadio exiliado cun berro novo ateigado de polaridades dolorosas. Porque Arcadio, trala etapa de individualismo e angustia que desemboca na dor colectiva, atopa unha voz nova e propia producto dunha experiencia vital esgazadoura como é o exilio. Unha voz sincera coma a dun neno, a de Ouriol ou a do tío Mingos (protagonistas dos únicos contos de Arcadio: *O bosque de Ouriol* e *Cuentos de Galicia. "Tío Mingos"*).

Sinceridade que só se consegue cando algo se xebra dentro se nós por mor dunha perda, dunha morte, dunha "des-posesión":

Eis qué Noite é a noite  
o que tes  
i o que ves,  
Ollos de ancianidá contra o solpor da  
[Casa,  
mar ainda de ondas contra os xionllos da lamentación,  
soleira  
de tebras,  
tí soio, tí  
soio,

Só expresable para o Poeta:  
Porque pra cantar é o Poeta;  
Porque pra doer é o Poeta;  
porque pra luir é o Poeta...!